

Figuras para un triángulo de furias

Isto non é outra escolma. É un reto. O reto de leres como feminista a poesía rosaliana. Deberás desbotar inercias, rexeitar prexuízos e disporte a ler desde o «triángulo de furias», como di Ana Romaní; desde a reviravolta exacta en que se albisca a revolta silandeiriña das mulleres. Se a proposta non che presta, pecha o libro. Podes manterte a base da dieta tradicional: calquera das Rosalías de sempre.

Ler como feminista é recoñecer o poder da lectura ceiba e responsable co seu tempo. Facerse cargo do poder de quen le, que sabe que nesos poemas de onte están as chaves emocionais de moitas das cuestións de hoxe: a violación e a violencia contra as nenas e as mozas, o amor romántico como dispositivo de doma, a institución matrimonial, a precariedade extrema das viúvas, a invisibilidade das vellas, a forza da ira e da celebración. Facerse cargo da muller en Galicia, diría María Xosé Queizán.

Este libro parte dunha evidencia: antes de cantar a nación en *Cantares gallegos* (1863), Rosalía de Castro escribiu a «vindicación das mulleres» en *Lieders* (1858) e *La hija del mar* (1859). Como autora seguía o camiño da revolucionaria Madame Roland, da pensadora Mary Wollstonecraft, da escritora George Sand, da pintora Rosa Bonheur... Si, tamén de Benito J. Feijoo, aínda que, a diferenza do bieito, ela falaba desde a experiencia propia e a das iguais, mollando a pluma no seu sangue.

O libro ábrese cun manifesto inicial e unha extensa colección de poemas. Podería haber máis, de tantas figuras femininas que teñen voz na obra de Rosalía, tamén na súa obra en prosa. Xosé Ramón Barreiro afirmou que *Lieders* semella un contrato prematrimonial, na liña, engado eu, do acordo que redactou o pensador John Stuart Mill antes de casar coa pensadora Harriet Taylor Mill, por puro amor e respecto entre iguais. En canto aos poemas, debes ter presente que esta lírica se construíu a partir de figuras, como a escrita dramática e a ficción narrativa. Cada figura é unha personaxe, unha historia de vida, un retrato. Conmover para mover, velaí o alento desta escrita.

A escolma propón un percorrido narrativo a través das figuras femininas, en plural. Algunhas perfílanse pola idade (nenas, mozas, vellas), outras polas súas relacións (namoradas, nais, viúvas e viúvas de vivo), as máis delas pola súa condición vital e emocional (suicidas, iradas, medrosas, violadas, abusadas). Hai nelas tanta vulnerabilidade! Expor a febleza é gañar en forza e permitir que se establezan vínculos. Estes poemas permiten mirar aos ollos, poñer rostro e por veces nome, recoñecer a humanidade de quen non tiña relato, nin corpo, nin voz. Recoñecelas como iguais e nunca como idénticas. Mais para elas seren humanas, afirma María Xosé Agra, cómpre recoñecerlles a capacidade para obrar o mal. Por iso elas tamén matan por propia man. Non o fan só para restablecer a xustiza senón para que as miremos fite a fite e as vexamos tan humanas. Sen máis.

Os títulos de cada parte indican un modo de lectura.

A primeira comeza interrogando a voz autoral cunha variante dun verso rosaliano, «Daquelas que falan». Ou, dito con Hélène Cixous, afirmase a chegada á palabra, o

desexo de escrita e o poder das voz, mesmo na meniña máis inocente.

A segunda parte deconstrúe o dispositivo do amor romántico a partir dun verso de Emily Dickinson que refai Maria-Mercè Marçal, «Abdicar de min». Antes de que Eva Illouz puidese pensar a intimidade no capitalismo tardío, moitas escritoras do século XIX escribían e escribían para desmontar ese horizonte sentimental obrigatorio, co seu irremediable final infeliz.

A terceira parte céntrase na precariedade, a única certeza nunha nación fermosa coma un edén mais inhóspita como un deserto. Rosalía de Castro escribe o medo e a esgazadura da marcha sen regreso. América cadraba moi lonxe e os labregos míseros aló ían para substituír as mans dos escravos negros. Á abolición seguíronlle novas formas de escravitude alimentadas pola fuxida da miseria. Pódense agora ler eses poemas pensando nos caiucos que veñen do sur, mar por medio, e bater cos mesmos retratos: a despedida da casa, o medo á travesía, a soidade profunda de quen aló queda. Vidas precarias que merecen ser choradas, seguindo a Judith Butler. Vidas sen rostro ata que as coñecemos desde os seus baleiros, no lugar exacto que media entre a súa dor e o seu desexo.

A cuarta parte céntrase nas mulleres soas. Corpos marcados pola ausencia ata os límites da vida vivible (de novo Butler). A dor, unha oportunidade para esperarse a si mesmas, para cuspir a ira contra os explotadores, para vingarse coa fouciña cargada de razóns porque os xuíces e Deus, tan altos que estaban, non oían. A soidade das tristes como potencia ou, se se quere, como o poder para tomar conciencia de seu, decidir sobre a propia vida, reaccionar

contra o dano, deixar a certeza dunha comunidade inhóspita e navegar cara ao descoñecido. A viúva de vivo, a paria entre as parias, a que nada ten e só agarda, penelopiana-mente. A viúva de vivo é a muller sen o seu amor, e por iso mesmo, sen amo. Cómpre ler esa parte seguida, de principio a fin, para entender que a ausencia e a soidade é o fermento de si mesma. Ese momento preciso no que a dor non deixa máis camiño que o suicidio. A paixón segundo a viúva: doerse na carencia, pensar, decidir. Velaí a viúva en acción, resumindo o que Fina Birulés entende como praxe feminista: «a práctica de modificación de si mesma e do mundo». Alancar desde a dor paralizante á afouteza da navegación. Como o seu homiño, ela tamén emigra cara a América. El todo o deixa atrás. A viúva de vivo emprende unha travesía entre dous baleiros: a dor por deixar a terra e o amor polo seu home, un home que non ha atopar. E aínda así a viúva de vivo tamén navegar, como a Penélope de Xohana Torres.

A derradeira parte celebra esas mulleres enteiramente humanas a partir das palabras de Emma Goldman: «Se non podo bailar, non é a miña revolución». Por iso o libro pecha co convite á festa e mais unha alborada repenicada que se debe ler como celebración feminista.

Os poemas de *Cantares gallegos* e *Follas novas* (1880), proceden das edicións de Anxo Angueira. Emprégase a primeira edición para *En las orillas del Sar* (1884). Deliberadamente optouse por romper a secuencialidade dos libros orixinais para definir mellor as figuras rosalianas deste triángulo de furias.

HELENA GONZÁLEZ FERNÁNDEZ

[Daquelas que falan]